WIKIPEDIA

Smilodon

Na Galipedia, a Wikipedia en galego.

Smilodon é un xénero extinto de félido macairodonto. É, quizais, o *tigre* con dentes de sabre máis coñecido que viviu en Norteamérica e Suramérica durante o Plistoceno (desde hai 2,5 millóns de anos ata hai 10 mil anos). Unha das maiores coleccións de fósiles desta especie recolleuse dos pozos de brea da facenda La Brea de California. Coñécense tres especies do xénero; que varían en tamaño e constitución.

En xeral, o *Smilodon* ten unha constitución máis robusta que calquera félido moderno, con membros anteriores particularmente ben desenvolvidos e caninos superiores excepcionalmente longos. A súa mandíbula tiña unha apertura maior que a dos félidos modernos, e os seus caninos superiores eran delgados e fráxiles, e estaban adaptados para matar con precisión. Estes atributos probablemente facían de *Smilodon* un cazador especializado de grandes herbívoros, como bisontes e camelos.

Smilodon probablemente viviu en hábitats pechados, como bosques e mato, que lle daban cobertura para emboscar presas. A súa dependencia de animais de gran porte pode ser a causa da súa extinción; *Smilodon* desapareceu á vez que a maior parte da megafauna das dúas Américas, hai uns 10.000 anos. Os científicos debaten sobre se *Smilodon* tiña un estilo de vida social ou solitario; as análises do comportamento de predadores modernos, así como a de restos fósiles do *Smilodon* poderían interpretarse no sentido de dar apoio tanto a un coma ao outro punto de vista.

Véxase tamén

Bibliografía

- Alan Turner & Mauricio Anton, *The Big Cats and Their Fossil Relatives*, Nova York, Columbia University Press, 1997.

Smilodon

Rango fósil: Plistoceno a Holoceno, 2.5–0.01Ma

Fósil de *Smilodon fatalis californicus* Page Museum (Os Ánxeles, EUA)

Reconstrución do *Smilodon fatalis*

Clasificación científica

Reino:	Animalia
Filo:	Chordata
Clase:	Mammalia
Infraclase:	Placentalia
Orde:	Carnivora
Familia:	Felidae
Subfamilia:	Machairodontinae
Xénero:	***Smilodon*** Lund, 1842

Especies

- *Smilodon fatalis*
- *Smilodon gracilis*
- *Smilodon populator*

Wikimedia Commons ten máis contidos multimedia na categoría: ***Smilodon***

Traído desde "https://gl.wikipedia.org/w/index.php?title=Smilodon&oldid=5449921"

A última edición desta páxina foi o 4 de maio de 2020 ás 11:04.

Todo o texto está dispoñible baixo a licenza Creative Commons recoñecemento compartir igual 3.0; pódense aplicar termos adicionais. Consulte os termos de uso para obter máis información.
Wikipedia® é unha marca rexistrada da Wikimedia Foundation, Inc., unha organización sen fins lucrativos.